



Xornadas sobre patrimonio lousamiano. Memoria e historia.

Data de publicación: 14/08/2006 12:08:12

O patrimonio cultural, no sentido máis amplio da súa acepción, convertiuse nun recurso fundamental desde todos os puntos de vista - educativo, económico ou social-. Por eso, dentro dunha sociedade inmersa de cheo nos cambios propios do século XXI e na "globalización", recuperar os signos de identidade e de memoria histórica, é unha obligación fundamental de calquera entidade pública con implantación física dentro dun territorio concreto.

Este é o caso do Municipio de Lousame que, consciente da súa riqueza patrimonial, aposta por presentar dun modo directo e próximo o seu legado histórico, sen olvidar que este non se puede entender á marxe dunha interrelación comarcal cos municipios limítrofes.

Presentar este patrimonio cultural supón unir nun mesmo espazo e tempo feitos históricos e sociais que, en moitos casos, só teñen en común o territorio no que se producen. Deste modo, levarase a cabo unha aproximación detallada ao patrimonio arqueolóxico, histórico e etnográfico do municipio, a parte do seu patrimonio artístico e, por suposto, do seu patrimonio industrial que nestes últimos anos comezouse a poñer en valor.

O obxectivo último de este curso non é outro que dar a coñecer a todos un patrimonio que, por estar próximo a nós, en moitas ocasións pasa totalmente desapercibido. A súa posta en valor é, en definitiva, a revalorización da nosa memoria e historia.

Juan M. Monterroso Montero

Programa:

Mércores, 30 de agosto

- 10:00 h a 11:00 h: Conferencia inaugural a cargo de José Santiago Freire Abeijón, alcalde do Concello de Lousame; Teresa Villaverde País, concelleira de cultura; Elias Torres Feijó, vicerreitor de cultura da USC; Juan M. Monterroso Montero, director do Dpto. de Historia da Arte da USC
- 11:00 h a 12:00 h.: Conferencia a cargo de Xerardo Agrafoxo Pérez - A prehistoria en Lousame

- 12:00 h a 12:30 h: Pausa
- 12:30 h a 13:30 h: Conferencia a cargo de Pedro García Vidal - Lousame, territorio, paisaxe, lugar. Unha ollada dende a xeografía
- 13:30 h a 14:30 h: Conferencia a cargo de Clodio González Pérez - O patrimonio popular en Lousame: arte e arquitectura
- 16:30 h a 18:00 h: Germán García Cancela y Vicente Feijoo Ares presentan o Proxecto de Toponimia de Lousame
- 18:00 a 20:30 h: visita guiada ao Parque de San Lourenzo e ao Castelo de San Mamede